

XE, O VISITANTE OU ZAN, O EXTRATERRESTRE

Todo comezou nun Harén como outro calquera: nos campos de cultivo de Rea-Gale os campesiños traballaban arreo na recollida de froitos. Aquela tempada os deuses sorríranlles e protexéranos das chuvias torrenciais, a colleita medrara perfectamente. Axiña chegaron os carros e comezaron a enchelos cos alimentos de modo que en media hora a tarefa finalizou e o terreo ficou baleiro... agás por unha persoa. Zan, un home barbudo e moi maior, que soía quedarse a “revisar se todo estaba en orde”.

Como sempre, era o último en abandonar o recinto; porén, non quedaba alí senón que camiñaba cara ao Sur, cara á Cova dos Lamentos. Teimaba en descubrir que demos había entre as rochas.

Mentres que os seus compañeiros pensaban que paseaba pola terra, o vello tolo afastábase da mesma para pescudar na contorna, disposto a averiguar a procedencia dos estraños sons que saían do máis profundo.

Desde que comezara a traballar a terra aos seus dezaseis anos, oíra toda clase de historias pero ningunha tan misteriosa como a Lenda de Grum, o Cempés que habitaba a Cova dos Lamentos. Segundo contaban os veteranos, ao final da Primeira Idade instalárase preto daquelas parcelas unha criatura xigante que fora desterrada polos Pais Fundadores. Díciase que nunca saía do seu oco na rocha e que choraba na escuridade emitindo uns alaridos arrepiantes que encrespaban os cabelos da caluga.

Así pois, Zan propuxérase averiguar que había de verdade niso. Por tal razón, dende había décadas, ficaba só ao final da xornada para dirixirse á suposta gorida do monstro, mais nunca tiña o valor suficiente para entrar. Sempre se detiña ás portas, medorento; ata que ouvía os “queixumes”. Daquela, escapaba espantado.

Aquel 27º Harén de Delu, oitavo mes do ano, Zan lograría entrar. Vencería os seus medos e adentraríase nas profundidades da cova.

De pé fronte a ela, o ancián ollaba cara o seu interior. Un paso. Dous pasos. Coas pernas tremendo deixou que as sombras o engulisen. Ía un frío terríbel pero iso non lle parou os pés. Continuou baixando, notando como o seu corazón latexaba a mil por hora. A cantidade de diminutos bechos que se arrastraban pola terra tampouco o fixo desistir... De súpeto, un lamento. Zan por pouco botou o berro máis longo da súa vida. Tivo que parar e sentar un momento. Recuperado, continuou a marcha até percibir unha depresión na rocha. Estaba atravesando un extenso túnel cara ao interior da Terra Nai.

Por fortuna, os seus ollos adaptados a escura paraxe distinguiron unha tenue luz. Zan correu desesperadamente cara ao que considerou que era a súa salvación.

A fonte de luz resultou ser uns fermosos cristais incrustados nas paredes dun inmenso burato na pedra. Marabillado por aquela visión, o humilde campesiño quedou hipnotizado, ata tal punto que non se percatou de dous elementos presentes naquel lugar. O primeiro era unha xigantesca xeoda colocada no centro do chan. O segundo non tiña nada que ver co outro: Grum o Cempés estaba nun curruncho da cova! Para cando Zan reparou no horror que tiña diante del xa era demasiado tarde: rodeábano un centenar de diminutas patiñas repletas de peliños minúsculos.

O trazo máis perturbador do monstro, por outra banda, era o que semellaba ser unha cabeza, co seu par de antenas e o seu ollo. O seu único ollo chantado no medio dunha viscosa superficie branca. Zan comezou a berrar

e a chorar desconsoladamente como un rapaz pequeno. Aquilo era un pesadelo, un maldito soño concebido polas divindades como castigo por profanar o seo da Terra Nai!

Para maior desacougo do pobre labrador, a terra tremeu nun sismo que proviña xustamente do centro da cova.

A xeoda brillaba. Emitía un débil resplandor violeta. O terremoto incrementou a súa potencia. Grum soltou a súa presa e facendo soar as súas puntiagudas extremidades contra o chan, colocouse tras a mole de pedra. O gran mineral revolveuse nas súas propias entrañas e expulsou un obxecto. Non. Un home!

Zan non daba creto ao que vía. Polo momento decidiu permanecer no seu seguro apostamento detrás dunha enorme rocha que o protexía de Grum, atendendo á extraordinaria escena dende un segundo plano. Observou como o cempés enrolaba contra o seu pegañento corpo un home vestido cun casco luminoso, unhas cordas, un cinto...

Grum comezou nese instante un ciclo de espasmos, ou iso parecía. Convulsionou as veces precisas para facer vomitar a Zan de repugnancia e para sacar a súa húmida lingua. Dispoñíase a devorar aquel corpo. O nativo non o permitiría, de ningún modo! Saíu do seu acocho e nun nobre acto de imprudencia turrou do seu compañeiro, liberándoo... e espertándoo completamente.

Unha vez intercambiados os berros necesarios a parella ollou ao cempés e, collidos do brazo, fuxiron. Zan dirixiu o home a unha cavidade superior segura. O cazador, contrariado, esqueceuse deles... polo momento.

A comunicación entre ambos non foi doada. Alternando pequenos berros polo baixo con debuxos, Zan comprendeu unha mínima parte do que ocorría: segundo os toscos deseños feitos na terra polo seu acompañante, chegou a conclusión de que o seu nome era Xe. Xe explicoulle (como puido) que dalgunha maneira atravesara unha porta que o levara ata alá. O campesiño, axudado polo extravagante pau de cores de Xe, debuxou na terra a súa propia historia, compoñendo unha longa viñeta protagonizada por el.

O contraste entre ambos personaxes era notable. En primeiro lugar, había unha clara diferenza no ton da pel. Mentres que Zan presentaba unha cor azul, Xe era marrón. As vestimentas do home marrón eran, a xuízo de Zan, exóticas. Levaba cordas atadas por todo o torso, cun bo número de artiluxios para traballar a pedra. Ademais, portaba un casco con propiedades máxicas: emitía luz branca! Respecto á outra metade do corpo, protexía as patas cun suave tecido beixe e recubría os pés con grosas pranchas dun material duro aínda máis marrón que a súa pel. O vello tolo estaba fascinado, aínda que non tanto como Xe. El, traumatado polos últimos acontecementos, non podía crer que estivera falando cun vello pitufo semiespido... que sensación máis incómoda!

Feitas as presentacións, falaron do que farían a continuación. Concluíron axudarse mutuamente. Primeiro, saíron daquel claustrofóbico burato. Os dous suorentos compañeiros baixaron e achegáronse á xeoda, para examinala. Por sorte, Grum non estaba preto. Zan colleu o pau multicolor do chaleco de Xe e mostroulle unhas inscricións. O home marrón achegouse e, reproducindo dunha maneira moi graciosa o que dicía Zan, leu. Non entendeu nada. Zan, polo tanto, viuse na obriga de facerlle todo tipo de acenos para que o entendese. Berrou cousas inintelixibles e xesticulou esaxeradamente. Pero nada. Non lle quedou máis remedio que volver ao chan a debuxar. Xe, tras o longo discurso, exclamou cun son de aprobación.

Oportunamente, Grum o Cempés retornou de onde estivera e, nunha práctica completamente distinta á inicial, reptou ata as dúas figuriñas. Inspeccionou os dous individuos de arriba abaixo, pousando o seu ollazo neles. Satisfeito, ergeuse revelando o seu engurrado bandullo. Ante tal imponente imaxe, Xe asustouse pero antes de que puidese facer nada Zan termou del e mantívoo no seu sitio, sen deixar de ollar o seu interlocutor.

Si, Grum e máis o intruso mantiñan comunicación. Miráronse longamente e cando considerou que era pertinente, Grum comezou a emitir unha melodía, golpeando o chan coas súas patas. Zan asentía e seguía a asentir, comprendendo a mensaxe. Todo isto mentres Xe permanecía como público.

Farto de esperar, chamou a atención dos dous elementos. Zan xirou sobre si mesmo completando unha volta sobre o seu eixe ata quedar fronte a fronte con Xe. Agora sería Grum quen tería que esperar pacientemente ata que as dúas persoas remataran a charla.

Ao parecer, Zan contáralle ao monstro o que lles pasaba. Grum, comprensible, propúxolle a súa axuda. Si, tal e como escoitara Xe: aquela besta axudarlle a saír vivo daquel burato e regresar ao seu lugar. *Incríbel*, dixo para si Xe... Zan, dito isto, puxo mala cara: a axuda non era gratis. A criatura esixía que Xe se enfrentase a unha proba de intelixencia. “Cal?” preguntou o visitante. “Tes que resolver unha adiviña”, respondeu Zan.

Xe sorprendeuse ao escoitar iso e baixou o rostro. Non era para nada bo coas adiviñanzas. Ademais, como sería capaz de interpretar os movementos de Grum? Zan, perante o desánimo de Xe, aseguroulle que estaría canda el, como tradutor.

A Xe a visión daquel monstro non lle provocaba outra cousa que arcadas, sobre todo cando se retorecía, como estaba facendo naquel intre.

Zan observaba en silencio a Grum. O movemento do seu ollo, en principio aleatorio, marcaba o compás da canción que interpretaba empregando a xeoda como tambor; desvelando así un longo enunciado.

A última nota resoou en toda a cova facendo eco. Zan dirixiuse entón ao seu amigo e collendo o seu lapis indicoulle palabra por palabra a adiviñanza.

O tradutor fixo tres marcas no chan. Ollou para Xe. Unha, dúas, tres. Repetiu o trazo no aire. Un, dous, tres. Xe asentiu.

Zan alzou as mans e sinalou o terreo que os rodeaba. Non, as pedras non. Rochas brillantes? Eran demasiadas palabras para un son tan curto. Xe ollou cara arriba. O teito. O teito da cova! Zan aplaudiu e ergueu tres dedos unha vez máis. Xe entendeu.

Grum observaba atento a escena. Miraba consecutivamente para os dous. Sentíase fascinado polo que estaba vendo. Decidiu aproximarse aos homiños, a ver se entendía algo mellor. Daquela, Zan abaneaba o seu poncho púrpura deixando ao descuberto o seu fraco corpo azulado, cheo de tatuaxes. Tamén escupía; non, sopraba!

Xe tentaba averiguar cal era o termo. Atopábase moi canso e a piques de renderse. Grum acariciouno contra o seu caparazón de cor marrón, animándoo a que continuase, ao tempo que emitía uns sons moi particulares.

Zan reparou neles e atopou a clave da seguinte palabra. Dirixiuse a unha rocha do fondo, chamando a atención de Xe. Soplou a través dun burato. Sinalou o burato e moveu o brazo, atravesándoo. Que atravesaba o burato...? O aire, claro! O intérprete quitou o brazo de alí e pechou a man deixando só dous dedos levantados.

O tradutor ditara xa a metade do enunciado. Agora tocaba unir estas palabras. Tiñan os substantivos e o primeiro verbo pero faltaban os nexos. Con todo, ao final Xe acertou: “Tres covas na montaña, en dúas o aire entra.”

Grum durmía a carón dos seus prisioneiros.

“Entendes?” Preguntaba un tanto irritado Zan ao home marrón. O outro mordíase o dedo índice mentres observaba o cristal. Levaban moitísimo tempo coa rocha aquela. Zan desprendía bafo cara a superficie da brillante pedriña que alumaba os seus ollos. O bafo, pensaba Xe, aí estaba a clave... inmediatamente, decatouse da mensaxe! Xa case estaba!

Zan sorriu e ergueu un único dedo. “Unha empana o cristal.” O ancián non agochou o máis mínimo a súa ledicia e aplaudiu enerxicamente, contaxiando a Xe. Por fin!

Porén, coñecer o enunciado non era descubrir a adiviña. Cando entenderon isto pararon de saltar e puxéronse a pensar, camiñando en círculos.

Grum espertara e, curioso, achegouse á pensativa parella.

Os dous humanos paráronse e miráronse fixamente. Xe albiscou nos ollos de Zan cores violetas. Reparou tamén no bucle de escuro cabelo que lle caía por diante da fronte. Zan, pola súa parte, estaba moi concentrado no gran nariz de Xe. Viu que, ademais dese pelo tan corto que tiña na cabeza, Xe lucía unha barba moi ben coidada. Pero o máis estraño de toda a cara que tiña o visitante era ese par de ollos adicional... non, non eran ollos. Era un obxecto coa súa forma!

Distraído da adiviña, Zan estendeu a man e tirou das gafas de Xe. A goma elástica non se separou da súa cabeza e o golpe que levou o pobre home foi considerable. Xe chamoulle a atención e volveron ao traballo. Pouco a pouco os homes separáronse, sen deixar de mirarse.

Entón, e só entón, unha bombilla prendeu na cabeza de Xe. Sobresaltando o campesiño, correu onda o xigantesco cempés. Zan seguiu os seus pasos e fixo o que Xe lle ordenou.

Facendo unha última vez de tradutor, transmitiu a súa resposta a Grum. A resposta da adiviña “que son as tres covas da montaña, en dúas o aire entra, a outra o cristal empana.” era en realidade, moi obvia; vista despois: o nariz e a boca.

Grum pousou o seu redondo ollo nos dous humanos. Ergeuse todo o que puido e saltou ata a parte superior da xeoda. Cos seus braciños entoou unha melodía máis, moito máis lenta que as anteriores.

As inscricións do canto da rocha comezaron a escintilar. O interior da xeoda empezou a xirar en sentido oposto as agullas do reloxo, en dirección contraria á primeira vez que o fixera, había tanto tempo.

A parella mirouse longamente. Ámbolos dous sabían o que iso significaba.

Zan e mais Xe fundíronse nunha cariñosa aperta. Xa non se volverían ver máis.

Estando a piques de tocar o portal da xeoda, Xe virouse. Zan tiña na man o seu lapis. Xe sorriu e decidiu darlo como lembranza daquel encontro.

Tras a partida de Xe, o portal pechouse e as inscricións deixaron de brillar. Grum baixou e, ergueito, despediuse tamén de Zan. O labrador saudouno e marchou da cova polo mesmo camiño polo que entrara, agora cun valioso agasallo.

Ás portas da Cova dos Lamentos era de día. Nun primeiro momento a luz solar feriu os ollos do vello.

En silencio, percorreu o camiño de volta aos terreos de cultivo. Alí, coma sempre, os labradores araban a terra.

Os homes, ao veren a Zan, correron sorprendidos ata el e déronlle entre todos unha fortísima aperta. Zan contoulles todo canto lle sucedera na Cova dos Lamentos.

Todos, incluídos as mulleres e os nenos na aldea, quedaron fascinados pola epopea realizada polo home máis vello da comunidade.

EPÍLOGO

“...As autoridades aínda buscan ao desaparecido xeólogo Xelmírez Núñez Dacosta. As testemuñas xuran e perxuran que está por algunha parte da escavación e rogan que non desistan de buscalo.”

No interior da gruta o equipo de espeleoloxía buscaba sen descanso o corpo do desgraciado xeólogo que durante unha perigosa operación de descenso esvarara da parede, caendo a un profundo pozo. Alumando o camiño coas lanternas, conseguiron descender pola xigantesca estalactita.

Inspeccionando aquel terreo inexplorado, un dos integrantes do grupo distinguiu ao lonxe un berro de auxilio.

Sen perder nin un só minuto máis dirixíronse á orixe dos berros e acharon o xeólogo desaparecido... Completamente ileso e cheo ata arriba de po.

–Aquí! Estou aquí! – Berraba Xelmírez. – Por favor, lancen a corda e teñan coidado!

O rescate foi todo un éxito. Xelmírez estaba, afortunadamente, san e salvo.

–Non ides crer o que pasou aí abaixo...! Tomarédesme por tolo...

Por suposto, ninguén admitiu xamais crer na aloucada historia de Xelmírez e a día de hoxe todos están convencidos de que foi un soño.

Grum o Cempés